



Resolución do 23 de decembro de 2025 pola que se resolve o proceso de selección para a cobertura do posto de persoal directivo no Igape (Xerente).

De conformidade co establecido no punto 12 das bases da convocatoria que rexe o proceso de selección para a cobertura do posto de persoal directivo, Xerente do Igape, convocado por Resolución do 9 de outubro de 2025, publicada no Diario Oficial de Galicia número 200, do 16 de outubro, e no uso das facultades conferidas pola Resolución do 17 de outubro de 2023 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba o texto refundido que recolle as delegacións de facultades na Dirección Xeral; e tendo en conta a lista definitiva coas puntuacións do proceso selectivo aprobada pola Comisión de Selección designada para cualificar o proceso de selección para a cobertura dun posto de persoal directivo no Igape (Xerente), así como a proposta que formulou a dita comisión por medio da resolución de data 22 de decembro de 2025,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a proposta formulada pola Comisión de Selección na súa resolución do 22 de decembro de 2025, que foi publicada na web e no taboleiro de anuncios do Igape, para o posto de Xerente do Igape, coa candidata:

Ainhoa Mallo Martínez, con DNI (*) ****8976**

*O DNI amósase cifrado co fin de protexer os datos de carácter persoal.

Segundo.- Solicitalle á candidata seleccionada que acepte o posto no prazo de tres (3) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web do Igape (www.igape.es).

Terceiro.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición ante a Dirección Xeral do Igape, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso-administrativo diante do xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, a 23 de decembro de 2025

Covadonga Toca Carús

Directora xeral do IGAPE

